

**Protocolo de actuación para a realización da actividade docente presencial teórica e práctica para o curso 2020-2021 nos centros da Universidade de Vigo**

# Índice

Introdución

Medidas de prevención da transmisión

Medidas de actuación para o persoal que presenta síntomas e para o persoal sensible

Acceso e desprazamentos polos centros e zonas comúns

Portas

Corredores e escaleiras

Ascensores

Aseos

Máquinas expendedoras e fotocopiadoras

Docencia teórica e práctica

Persoal docente

Alumnado

Aulas

Laboratorios e talleres

Limpeza e desinfección de superficies e espazos

Recursos materiais cos que contarán os centros para cumprir coas medidas de prevención

# Introdución

O Servizo de Prevención de Riscos da Universidade de Vigo, atendendo a información dispoñible e seguindo as recomendacións da Consellería de Sanidad e do Ministerio de Universidades, redacta este documento que ten por obxecto dar a coñecer a información técnica e operativa sobre as medidas de prevención e hixiene fronte ao SARS-Cov-2, durante a actividade docente presencial teórica e práctica do vindeiro curso 2020-2021, nos centros da Universidade de Vigo.

As indicacións deste protocolo integraranse aos planes de continxencia que segundo as indicacións do Ministerio de Universidades deben realizar os responsables de cada centro para o curso 2020-2021.

Será de aplicación aos equipos de dirección e equipos decanais dos centros así como ao persoal docente e ao alumnado da Universidade de Vigo.

Este documento actualizarase en función da información emitida polos organismos competentes.

## Medidas de prevención da transmisión

En tanto non exista profilaxes ou un tratamento eficaz, a mellor maneira de previr a enfermidade é evitar o contacto entre persoas e cumprir coas medidas de hixiene e limpeza e apelar sempre á responsabilidade individual e colectiva para evitar a transmisión.

É imprescindible reforzar as medidas de hixiene persoal en todos os ámbitos de traballo e fronte a calquera escenario de exposición. En particular, destácanse as seguintes medidas:

- Lavar as mans frecuentemente con auga e xabón durante un mínimo de 40 segundos. A hixiene de mans é a medida principal de prevención e control da infección.
- Etiqueta respiratoria:
  - No caso de tusir e/ou esbirrar, taparse cun pano de papel e tiralo tras o seu uso. No caso de non ter un pano de papel, utilizar a parte interna do cóbado para non contaminar as mans.
  - Evitar tocar o nariz, a boca e os ollos, nin con luvas nin sen elas. As mans facilitan a transmisión.
  - Practicar bos hábitos de hixiene respiratoria.
- Evitar o contacto físico nos saúdos. Manter distanciamento físico de 1,5 metros.

Nos casos puntuais nos que non se poida garantir a distancia de seguridade será obrigatorio o uso de máscara.

A obrigatoriedade non será aplicable nos seguintes casos:

- a. Persoas que presenten algún tipo de dificultade respiratoria que poida agravarse polo uso de máscara.
- b. Persoas nas que o uso de máscara resulte contraindicado por motivos de saúde debidamente xustificadas.
- c. Persoas en situación de discapacidade ou dependencia que non poidan quitarse a máscara se o precisan.
- d. Persoas que presenten alteracións de conducta que fagan inviable a súa utilización.
- e. Desenvolvemento de actividades nas que, pola propia natureza destas, resulte incompatible o uso da máscara.

## Medidas de actuación para o persoal que presenta síntomas e para o persoal sensible

Tanto o PDI como o alumnado afectado pola enfermidade COVID-19, que presente síntomas asociados a esta (tose, febre, dificultade para respirar, perda de olfacto e/ou do gusto, diarrea, dor de garganta, dor muscular, dor de peito ou cansazo xeneralizado), que se lles diagnosticara a enfermidade e non finalizara o período de illamento requirido, ou que estea en corentena por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19 nos últimos 14 días, non poderá acudir á Universidade e terá que comunicalo á persoa ou persoas do centro encargadas dos aspectos relacionados ca COVID-19.

Colocar carteis a entrada do centro para advertir aos asistentes que non accedan ao este se están na situación descrita anteriormente.

Se durante a docencia teórica ou práctica alguén presenta síntomas que puideran estar asociados ca COVID-19, acompañaráselle a unha sala do centro elixida previamente, facilitaráselle unha máscara cirúrxica para esa persoa e outra para a persoa que a acompañe e se avisará á familia que debe contactar co seu centro de saúde ou co teléfono de atención á COVID-19 (900400116); así mesmo, contactarase coa persoa ou persoas do centro encargadas dos aspectos relacionados ca COVID-19. No caso de que estea nunha situación de gravidade ou teña dificultade para respirar avisarase ao 112. Non poderá volver a actividade presencial no centro universitario ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.

En cada centro destinarase unha sala para dito fin que contará cunha ventilación adecuada, máscaras cirúrxicas, luvas, solución alcohólica, papel ou toallas e un cubo con tapa accionada por un pedal; nos edificios compartidos por varios centros poderán ter unha única sala.

Os papeis ou toallas utilizados pola persoa con síntomas desbotaranse nun cubo con tapa e apertura con pedal. Unha vez depositados os panos, luvas, etc., extraerase a bolsa de plástico do cubo e introducirase nunha segunda bolsa con mecanismo de peche depositándose a continuación no contedor coa fracción resto.

Ventilar dita sala como mínimo durante 4 horas. A ventilación deberá ser tanto forzada como natural se fora posible e deberá comezar alo menos 2 horas antes do inicio das tarefas de desinfección.

Seguidamente farase unha limpeza e desinfección exhaustiva da zona; o persoal da empresa de limpeza que a realice, estará informado e formado e utilizará máscara FFP2 e luvas que desbotarán ao rematar a tarefa.

Dentro do protocolo de limpeza e desinfección da sala anteriormente citada, despois da atención dunha persoa con síntomas, incluír as reixas de impulsión e retorno de aire, extraer, limpar e desinfectar o filtro da unidade interior se houbera (fancois, split). Limpar e desinfectar a unidade interior, no caso de existir, pulverizando unha solución desinfectante.

O persoal docente que pertenza á poboación vulnerable para COVID-19 seguirá as indicacións do persoal sanitario do Servizo de Prevención da Universidade. Se algún alumno/a é vulnerable para COVID-19, seguirá as indicacións do seu profesional sanitario de referencia respecto ás medidas de prevención máis adecuadas.

En cada centro a persoa que se encargará dos aspectos relacionados coa COVID-19 será o director/a, decano/a ou persoa/as en que delegue. A identidade de esta ou estas persoas, deberá ser comunicada ao persoal do centro así como ao Servizo de Prevención de Riscos Laborais da Universidade.

## Acceso e desprazamentos polos centros e zonas comúns

Daráselle prioridade á opción de mobilidade que mellor garanta a distancia interpersoal de 1,5 metros. Por esta razón, é preferible o transporte individual.

Ao acceder ao centro, lavar as mans con auga e xabón como mínimo durante 40-60 segundos ou no seu defecto utilizar solución alcohólica. Terase en conta que cando as mans teñen sucidade visible as solucións alcohólicas non son suficientes polo que é necesario usar auga e xabón.

Evita o saúdo con contacto físico, incluído dar a man.

As entradas e saídas deberan ser ordenadas e coa distancia interpersoal como mínimo de 1,5 metros. De forma xeral manterase dita distancia entre as persoas en todos os espazos dos centros da Universidade de Vigo.

Aos centros poderán acceder o persoal de administración e servizos, profesorado e alumnado. Tamén permitirase a entrada aos acompañantes para aquelas persoas que o necesiten; ditos acompañantes deberán cumprir as normas de prevención establecidas no centro.

### **Portas**

Respectarase a sinalización das portas. Sempre que estean habilitadas portas de entrada independentes das de saída respectaranse para evitar cruces de persoas.

No caso de emerxencia, utilizaranse para a evacuación do edificio as saídas establecidas no Plan de Autoprotección sinalizadas para este fin.

Sempre que se poida, manteranse as portas abertas evitando así tocar os pomos ou os pasadores.

### **Corredores e escaleiras**

Respectaranse os sentidos de circulación nos corredores e escaleiras en función das dimensións destes.

Nos corredores e escaleiras onde o ancho permita manter a distancia de seguridade, pódese circular nos dous sentidos. Se están sinalizados os sentidos seguiranse as indicacións, no caso contrario circularase sempre pola dereita. Nos corredores e escaleiras onde o ancho non permita manter a distancia de seguridade seguiranse as indicacións da sinalización respectando o sentido que ten preferencia.

Non se deben manter conversacións nos corredores ou nas zonas de tránsito. Unha vez rematada a súa actividade na aula irase para o exterior do centro evitando aglomeracións nas proximidades das portas de acceso ou saída do centro.

No momento no que se reinicie a docencia será obrigatorio o uso de máscara para todo o persoal e alumnado en todos os corredores e escaleiras e zonas comúns. Estará sinalizado na entrada dos centros.

Teranse en conta as persoas ás que non se lle aplica a obrigatoriedade do uso da máscara indicados no apartado de Medidas de prevención da transmisión.

### **Ascensores**

O seu uso limitarase ao mínimo imprescindible, fomentarse o uso das escaleiras. Nos ascensores teñen prioridade de uso as persoas con problemas de mobilidade, persoal de limpeza e persoal que transporta cargas.

A ocupación máxima será dunha persoa salvo que sexa posible garantir a separación como mínimo de 1,5 metros entre elas. No caso de persoas que precisen asistencia, permitirase tamén a utilización pola persoa acompañante. Será obrigatorio o uso de máscara. Teranse en conta as persoas ás que non se lle aplica a obrigatoriedade do uso da máscara indicados no apartado de Medidas de prevención da transmisión. Nestes casos a persoa que non poida usar a máscara utilizará o ascensor soa.

Para accionar a porta e os botóns do ascensor recoméndase o uso da man non dominante.

### **Aseos**

Evitarase no posible tocar calquera superficie. Lavaranse coidadosamente as mans cada vez que se faga uso dos aseos. A descarga da cisterna farase coa tapa baixada.

Contarán con xabón, papel ou toallas que se poidan desbotar, así como cubos con tapa e apertura con pedal.

A ocupación máxima para o uso dos aseos será dunha persoa para espazos de ata catro metros cadrados. Para aseos de máis de catro metros cadrados que contén con máis dunha cabina ou urinario, a ocupación máxima será do cincuenta por cento do número de cabinas e urinarios que teña a estancia, debendo manterse durante o seu uso unha distancia de seguridade de 1,5 metros.

### **Máquinas expendedoras e fotocopiadoras**

Ao remate do seu uso, as persoas usuarias limparán as superficies de contacto; para isto utilizarase papel ou toallas que se poidan desbotar e preparacións alcohólicas. Para accionar os botóns destas máquinas se recomenda o uso da man non dominante.

O titular das máquinas expendedoras asegurará o cumprimento das adecuadas medidas de hixiene e desinfección daquelas.

## **Docencia teórica e práctica**

Segundo o *artigo 9 do Real Decreto-ley 21/2020, de 9 de junio, de medidas urgentes de prevención contención y coordinación para hacer frente a la crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19*, asegurase a adopción de medidas organizativas que resulten necesarias par evitar aglomeracións e garantir que se manteña unha distancia de seguridade de polo menos de 1,5 metros. Cando non sexa posible manter dita distancia de seguridade, observaranse as medidas de hixiene adecuadas para previr os riscos de contaxio.

A docencia teórica ou práctica terá en conta as indicacións dos apartados de aulas, laboratorios e talleres.

A celebración de congresos, encontros, conferencias e eventos, no ámbito da investigación científica e técnica, o desenvolvemento e a innovación, realizaranse segundo a lexislación vixente. De acordo co disposto no anexo da *RESOLUCIÓN do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade*, permitirase a realización de congresos, conferencias, encontros e actos similares sen superar o setenta e cinco por cento do aforo permitido do lugar da celebración e cun límite máximo de trescentas persoas sentadas para lugares pechados e de mil persoas sentadas tratándose de actividades ao aire libre. En todo momento deberá cumprirse a obrigaición da distancia esixida de 1,5 metros, deberá fomentarse a participación non presencial de aqueles que poidan prestar a súa actividade a distancia.

Durante a realización de prácticas académicas externas seguiranse as medidas de prevención establecidas polas entidades colaboradoras, tales como empresas, institucións e entidades públicas e privadas.

Os intercambios internacionais realizaranse segundo a lexislación vixente.

### **Persoal docente**

As reunións do profesorado realizaranse preferentemente mediante métodos non presenciais sempre que sexa posible no caso de non ser posible, gardaranse estritamente as medidas de prevención, utilizando máscara durante a reunión. Teranse en conta as persoas ás que non se lles aplica a obrigaición do uso da máscara indicados no apartado de Medidas de prevención da transmisión. Estas persoas non deben estar de forma presencial na reunión.

En relación coas titorías, evitase na medida do posible, a afluencia de estudantes nas salas ou despachos de pequeno volume. Realizar, na medida do posible, a atención ao alumnado, mediante ferramentas informáticas e Internet, evitando a atención directa no despacho. En xeral, o profesorado favorecerá as titorías *online* ou por correo electrónico. De non ser posible, tanto o profesor ou profesora como o estudante, utilizarán máscara e manterán entre eles, se é posible, unha distancia de 1,5 metros.

Recoméndase ventilar frecuentemente o despacho, sala de reunións, aulas docentes, laboratorios e talleres, se é posible, abrindo as ventás. Recoméndase non ter alfombras.

O persoal docente facilitará o traballo ao persoal de limpeza ao abandonar o seu despacho, despexándoo o máximo posible.

Nos despachos compartidos, respectar a distancia de seguridade de 1,5 metros sempre que non dispoñan de barreiras tales como paneis dunha altura mínima de 2 metros. No caso de non ser posible, eliminar algúns dos postos. Será obrigaición o uso de máscara ao entrar, saír ou desprazarse polos despachos compartidos. Teranse en conta as persoas ás que non se lle aplica a obrigaición do uso da máscara indicados no apartado de Medidas de prevención da transmisión.

### **Alumnado**

Os descansos das clases realizaranse no exterior dos centros, ao aire libre, sempre en pequenos grupos e respectando a distancia de seguridade como mínimo de 1,5 metros; seguiranse cumprindo as normas de seguridade. Non se compartirán comidas, bebidas, vasos, botellas, tampouco os obxectos persoais como os teléfonos. Lavaranse as mans antes e despois do descanso.

Nas bancadas dos corredores, ocuparanse os asentos de maneira que se garanta a separación como mínimo de 1,5 metros. Sinalizar os asentos que se poden utilizar.

Será obrigaición o uso de máscara para o alumnado nos despachos do profesorado ademais do disposto no parágrafo 4 do apartado “corredores e escaleiras”. Manterase a distancia interpersoal, como mínimo de 1,5 metros.

### **Aulas**

Garantir que o número de estudantes na aula non supere a capacidade da mesma tendo en conta a separación de 1,5 metros entre os ocupantes. Mentres as autoridades competentes non marquen un aforo máximo para as aulas, este non será en ningún caso superior a unha persoa por cada 2,5 metros cadrados.

No caso de que non se poidan garantir as condicións indicadas no parágrafo anterior, tomaranse as medidas pertinentes para que se poida levar a cabo de forma online.

Poderase optar por realizar actividade presencial cun número de estudantes que cumpra coa condición anterior a vez que por vía videoconferencia para o resto do alumnado. Sempre que sexa posible, no correspondente á actividade presencial, estableceranse grupos de persoas pequenos e estables.

Non será obrigatorio o uso de máscara durante a actividade presencial da docencia nas aulas xa que é necesario garantir en todo momento a distancia interpersonal como mínimo de 1,5 metros. Nos momentos de contacto estreito co alumnado como a resolución de dúbidas, correccións, etc., o profesorado utilizará máscara ao igual que o estudante.

Será obrigatorio o uso de máscara para todo o profesorado e alumnado ao entrar, saír ou desprazarse pola aula”. Dita obrigatorialidade estará sinalizada por medio dun cartel na porta da aula. Así mesmo será obrigatorio o seu uso nos corredores escaleiras e zonas comúns como se indica no parágrafo 4 do apartado “corredores e escaleiras”. Teranse en conta as persoas ás que non se lle aplica a obrigatorialidade do uso da máscara indicados no apartado de Medidas de prevención da transmisión.

Non se compartirán obxectos persoais nin bolígrafos, lapis, papel, calculadoras, etc.

A indumentaria bolsos, mochilas, etc. colocaranse debaixo da cadeira.

Ao acceder á aula, lavar as mans con auga e xabón como mínimo durante 40-60 segundos ou utilizar as solucións alcohólicas dispoñibles nas aulas. Farase o mesmo ao rematar a clase.

Estarán dispoñibles na aula, panos ou papeis e desinfectantes con actividade virucida autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidad para os estudantes e os profesores/as que desexen utilizalos nos seus postos.

Recoméndase que o profesorado ao entrar na aula, ventile, se é posible, abrindo as ventás durante o tempo necesario para permitir a renovación do aire. Mínimo durante cinco minutos ou dez minutos se o espazo estaba ocupado previamente. Evitar correntes de aire.

Restrinxiranse as saídas e entradas ás imprescindibles e por quendas. Para evitar aglomeracións adoptar medidas organizativas, recomendase graduar o acceso e saídas, tanto do edificio como das aulas.

### **Laboratorios e talleres**

Garantir que o número de estudantes no laboratorio ou taller non supere a capacidade da mesma tendo en conta a separación de 1,5 metros entre os ocupantes.

Debido a mobilidade nos laboratorios así como a necesidade de compartir equipos ou material non permite na maioría das veces gardar a distancia mínima de 1,5 metros polo que será obrigatorio o uso de máscara para todo o profesorado e alumnado en todos os laboratorios e talleres dita obrigatorialidade estará sinalizada por medio dun cartel na porta do laboratorio ou taller. Teranse en conta as persoas ás que non se lle aplica a obrigatorialidade do uso da máscara indicados no apartado de Medidas de prevención da transmisión. As persoas ás que non se lle aplica a obriga do uso de máscara non poderán compartir equipos nin material.

Aplicaranse as indicacións dos parágrafos anteriores sen esquecer os equipos de protección persoal EPIs necesarios para a realización das prácticas segundo o risco ao que estean expostos.

Terase en conta a compatibilidade dos materiais usados nas prácticas co material do que están feitas as máscaras ou outro material de protección.

Contemplaranse excepcións ao uso da máscara en aquelas prácticas que pola súa natureza o esixan. A continuación refírense algúns destas excepcións:

Nas prácticas nas que o alumnado permaneza no seu posto sen ter que desprazarse polo laboratorio ou taller non será necesario o uso de máscara sempre que se garde a distancia mínima de seguridade ou se dispoña de pantallas separadoras. Por exemplo prácticas con ordenadores.

O profesorado responsable da práctica programará a limpeza e desinfección do material e equipamento da práctica.

Nas prácticas nas que non se poida evitar o contacto físico entre os estudantes ou entre os estudantes e o profesor ou profesora, sempre que a actividade o permita, utilizarase obrigatoriamente a máscara. Ter en conta as persoas ás que non se lles aplica a obriga do uso de máscara. Por exemplo algunhas prácticas do

grao en Fisioterapia realizadas entre dous alumnos ou alumnas, con contacto físico e polo tanto sen posibilidade de gardar a distancia de seguridade, segundo os requirimentos da práctica, poderanse dar as seguintes situacións:

- So un dos estudantes pode levar máscara, esta ten que ser FFP2. sen válvula
- Os dous estudantes poden levar máscara, estas poden ser hixiénicas anque pola proximidade recoméndanse cirúrxicas.

Entre outros casos especiais temos no grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte, prácticas en grupo como baloncesto, fútbol, etc., nas que non se pode gardar a distancia e tampouco é posible o uso de máscara debido ao esforzo físico, ou as rodaxes no grao en Comunicación Audiovisual e no grao en Belas Artes, nas que os actores ou actrices non poden usar máscara debido a natureza da práctica. Os estudantes procuraran non tocar a cara durante a realización da práctica e se extremara a hixiene persoal sobre todo das mans antes e ao finalizar a mesma.

Nestes casos nos que a natureza da práctica non permita respectar a distancia interpersoal nin o uso de equipos de protección adecuados ao nivel de risco, como nos casos anteriores, atenderase a medidas de seguridade deseñadas para cada caso particular a partir das recomendacións das autoridades sanitarias.

Fomentarase a hixiene de mans de forma frecuente e meticulosa, durante ao menos 40 segundos con auga e xabón como mínimo ao entrar e saír do laboratorio ou taller ou utilizar as solucións alcohólicas dispoñibles nos mesmos. Terase en conta que cando as mans teñen sucidade visible as solucións alcohólicas non son suficientes polo que é necesario usar auga e xabón.

Recoméndase que o alumnado cada día ao finalizar as prácticas limpe o seu posto e aqueles equipos e material utilizado, desinfectándoo con panos ou toallas humedecidas con desinfectantes con actividade virucida autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidad que terán dispoñibles no laboratorio ou taller, a continuación lavarase as mans con auga e xabón.

Recoméndase ao profesorado que ao entrar no laboratorio ou taller, ventile, se é posible, abrindo as ventás durante o tempo necesario para permitir a renovación do aire. Mínimo durante cinco minutos ou dez minutos se o espazo estaba ocupado previamente. Evitar correntes de aire.

Restrinxiranse as saídas e entradas ás imprescindibles e por quendas. Para evitar aglomeracións adoptar medidas organizativas, recomendase graduar o acceso e saídas, dos laboratorios e talleres.

### **Prácticas de campo**

Respectar a distancia interpersoal como mínimo de 1,5 metros sempre que sexa posible, no caso contrario utilizar máscara. Teranse en conta as persoas ás que non se lle aplica a obrigatoriedade do uso da máscara indicados no apartado de Medidas de prevención da transmisión.

Se foxe necesario compartir material, este desinfectarase ao rematar o seu uso.

É necesario dispoñer de solucións alcohólicas e panos o toallas que se poidan desbotar.

En canto á utilización de autobuses ou de vehículos de ata nove prazas, tanto da Universidade como de empresas externas para a realización das prácticas de campo, respectárense as instrucións do condutor así como as seguintes indicacións:

1. Uso obrigatorio de máscara para as persoas usuarias e para o condutor. Teranse en conta as persoas ás que non se lle aplica a obrigatoriedade do uso da máscara indicados no apartado de Medidas de prevención da transmisión.
2. No interior dos vehículos, procurar non sacar o móbil ou calquera outro obxecto innecesario para evitar contaminalo.
3. Procurar tocar o menos posible as portas, as xanelas, os asentos, etc.
4. Ao principio e ao final da viaxe, lavar as mans con auga e xabón tan pronto poidamos.

## **Limpeza e desinfección de superficies e espazos**

Para a limpeza dos centros, o persoal das empresas de limpeza seguirá as indicacións do protocolo realizado polo Servizo de Prevención de Riscos da Universidade de Vigo “**Protocolo de limpeza nos centros da universidade de Vigo**”.



Reforzaranse as tarefas de limpeza e desinfección, con especial incidencia nas superficies que se tocan con máis frecuencia como pomos de portas e ventás, varandas, chans, mesas, cadeiras e outros elementos de similares características. Tamén se reforzarán as tarefas de limpeza e desinfección nas zonas de uso común como ordenadores, teléfonos, perchas, interruptores da luz, etc..

Limparanse os despachos como mínimo unha vez ao día, prestando especial atención cando estean en uso así como aos despachos compartidos. Ventiláranse os despachos, sala de reunións, aulas docentes, laboratorios e talleres abrindo as ventás.

As aulas que só se utilicen pola mañá ou pola tarde limparanse e desinfectaranse unha vez ao día. As que nun mesmo día se utilicen pola mañá e tamén pola tarde limparanse e desinfectaranse mínimo dúas veces ao día, unha de elas realizarase ao remate das clases da mañá, antes do inicio das da tarde.

Nos laboratorios respectaranse as normas que se lle indiquen en cada un.

O persoal de limpeza reforzará a limpeza e desinfección nos aseos garantindo sempre o seu estado de salubridade e hixiene. Procederá á limpeza dos aseos como mínimo tres veces ao día. Procurará que o xabón, papel ou toallas que se poidan desbotar estean sempre dispoñibles nos aseos.

Recoméndase que o profesorado ventile o despacho, a aula, o laboratorio ou taller abrindo as ventás ao entrar. Ase mesmo recoméndase ao alumnado e ao profesorado, limpar e desinfectar, cada día ao finalizar as clases ou as prácticas, o seu posto e aqueles equipos e material utilizado, desinfectándoo con panos ou toallas humedecidas con desinfectantes con actividade virucida autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidad que terán dispoñibles na aula, laboratorio ou taller, a continuación lavarase as mans con auga e xabón.

Fomentar que todas as persoas manteñan limpos os seus obxectos persoais, como teléfono, dispositivos electrónicos etc., así como os obxectos e superficies compartidas.

## Recursos materiais cos que contarán os centros para cumprir coas medidas de prevención

Os centros deberán asegurar o subministro de material de uso hixiénico-preventivo como máscaras, luvas, solución alcohólica, papel ou toallas, repoñéndoo cando sexa necesario.

Os aseos dispoñerán de auga, xabón e papel para o secado de mans, así como solucións alcohólicas.

Na entrada aos centros, as aulas, aos talleres e laboratorios dispoñerase de dispensadores con solucións alcohólicas para poder realizar a hixiene das mans a entrada, a saída ou durante a práctica sobre todo se se comparten equipos ou material.

A sala onde se acompaña ao persoal que presenta síntomas, contará con máscaras cirúrxicas, luvas, solución alcohólica, papel ou toallas e un cubo con tapa accionada por un pedal, tamén contará con bolsas de lixo con sistema de peche.

Colocaranse carteis nas entradas dos centros, nas aulas, laboratorios, talleres e aseos, para informar do cumprimento das medidas de prevención como hixiene de mans, uso obrigatorio de máscaras, distancia interpersoal como mínimo de 1,5 metros, etc..

O equipo de dirección ou o equipo decanal informará ao persoal do centro das medidas de prevención, hixiene e promoción da saúde recomendadas.